

## A C T A

En Arzúa, a 11 de novembro de 2016.

Sendo as 9.00 h., reunense no local social da parroquia de Santa María, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará o **segundo exercicio de carácter práctico**, do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar á persoa que será contratada na modalidade de contrato de interinidade, para desempeñar o posto de traballo de **condutor e operario de servizos varios** que viña desempeñando o traballador don Manuel Codesido García, que se atopa na situación de baixa por enfermidade, coa mesma xornada de traballo que dito traballador, e ata que se produza a súa reincorporación a ese posto de traballo ou a provisión do citado posto de traballo a través do correspondente proceso de selección. O cal se acordou realizar a través das Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 1 de setembro de 2016.

Estando presentes os seguintes cinco integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidente: D. Luis Fole Barrio (*arquitecto técnico do Concello de Arzúa*).

- Vogais:

- D. Jesús Rúa Taboada (*condutor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa*).

- D. Ramón Vereá Castelo (*encargado dos servizos de mantemento do Concello de Arzúa*).

- D. José Manuel Alamancos Pampín (*operario e tractorista do Concello de Arzúa*).

- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*), que actúa con voz pero sen voto.

(Non asistindo o vogal don Secundino Quiñoy Amboage (*oficial de mantemento do Concello de Arzúa*)).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 26 nº 1, da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, (*que resulta de aplicación a este procedemento por virtude do disposto na disposición transitoria terceira da Lei 39 /2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*)- o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de cualificar o exercicio práctico de que consta a oposición; decidindo os catro integrantes da Comisión Seleccionadora con dereito a voto que a proba de carácter práctico, que se realizará co camiión grúa (por canto que así se dedidiu na sesión do día 7 de novembro), consistirá en saír co camiión desde o punto onde se atopa aparcado, (nun espazo delimitado por unhas vallas metálicas, cun oco para poder saír de alí), e en realizar un percorrido con dito camiión por un mesmo itinerario, do recinto da Feira de Gando que lle indique a cada aspirante un dos vogais da Comisión, para o cal subirá tamén a dito camiión grúa situándose no asento do copiloto; para acto seguido, cando volva de realizar ese percorrido ao punto de partida, deixar estacionado ese camiión grúa no mesmo punto no que estaba, co fin de utilizar a grúa para enganchar un contenedor metálico, situado a uns catro metros do camiión estacionado, e introducilo dentro da caixa do camiión, utilizando para

iso os mandos situados detrás da cabina do camión ou o cadro de mandos portátil, a elección de cada aspirante.

Considerando os integrantes da Comisión Seleccionadora que, para outorgar as puntuacións aos aspirantes, se tiveran en conta os seguintes cinco criterios, coa valoración que tamén se indica:

1. Sinalización e seguridade (conos+chaleco+casco): ata 1 punto.
2. Manexo do camión (circuito+manobra para aparcas): ata 2 puntos.
3. Carga de contenedor (gancho+izado da carga+situación da carga no camión): ata 3 puntos.
4. Abrir gatos+ Situación correcta do camión para a carga: ata 1 punto.
5. Manexo da grúa (soltura+manexo con seguridade): ata 3 puntos.

Facendo saber a cada un dos dezaseis aspirantes que compareceron a realizar este exercicio (dos vinte que superaran o exercicio teórico) que dispoñían de quince minutos para a realización de dita proba, que será cualificada de 0 a 10 puntos; sendo necesario acadar 5 puntos para superar este exercicio práctico.

E así, sucesivamente, foron realizando a proba cada un dos dezaseis aspirantes que compareceron; aos cales foiselles chamando polo orde de presentación das súas respectivas instancias no Rexistro Xeral do Concello, mentres que os restantes esperaban o seu turno no local social antes indicado, distante uns oitenta metros do lugar onde se foi realizando a proba práctica.

(Se ben cando lle chegou o turno ao aspirante Martín Quintela Castro, éste manifestou que comparecera a este acto, non para realizar o exercicio práctico, senón para comprobar cal era a forma correcta de realizalo, xa que se ía presentar un proceso de selección doutro organismo, onde a proba práctica a realizar será semellante a esta).

De maneira que, tras a realización de cada un dos exercicios que foron realizando os aspirantes, a Comisión Seleccionadora foi procedendo a súa valoración; outorgándolles as seguintes puntuacións:

	NOME E APELIDOS	Sinalización e seguridade	Manexo do camión	Carga de contenedor	Abrir gatos+ situación correcta do camión para a carga	Manexo grúa	TOTAL
1	José Luis Ramos Ferreiro	0,5	2	3	0,5	2,5	8,5
2	José Manuel Vázquez Garea	1	2	3	0,5	2	8,5
3	Alejandro Piñeiro Veiga	Non presentado					
4	José Ramón Rodríguez Rey	0,5	1,50	0	1	0	3
5	Javier Ignacio Pampín Budiño	Non presentado					
6	Cesáreo Xabier Moscoso Fuentes	1	1	1	1	1	5
7	Juan José Rivas Mosquera	1	2	2	1	1	7
8	Carlos Collado Blanco	1	2	1,5	0,5	2	7
9	Victor Souto López	0,5	2	1	1	1	5,50
10	Juan José Paz Quinteiro	0,5	1	1	0,5	1	4
11	Javier Montero Vázquez	----	0,5	----	-----	----	0,5

12	Eva Paxaro Gómez	0,5	2	0	0,5	----	3
13	Ismael Sesar Carbajales	0,5	1	2	1	2	6,5
14	José Vicente Pérez Crego	0	1	3	1	2	7
15	Ramón Brea Camino	Non presentado					
16	Jesus Manuel Fernández Furelos	0,5	2	2	1	2,5	8
17	José Rodríguez Rodríguez	0,5	2	-----	0,5	-----	3
18	Martín Quintela Castro	Decidiu non realizar a proba					
19	Juan Carlos Souto Andrade	1	2	2,5	1	2	8,5
20	Sergio Martínez Esmoris	Non presentado					

Unha vez cualificados os exercicios prácticos realizados; adoptáronse -por unanimidade dos catro membros integrantes da Comisión Seleccioandora con dereito a votos seguintes acordos:

**Primeiro.**- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos quince aspirantes presentados, que foron cualificados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste segundo exercicio, de carácter práctico, da oposición convocada.

**Segundo.**- Facer saber aos cinco aspirantes presentados que obtiveron unha puntuación inferior a 5 puntos (José Ramón Rodríguez Rey, Juan José Paz Quinteiro, Javier Montero Vázquez, Eva Paxaro Gómez e José Rodríguez Rodríguez) que quedaban eliminados; e que tamén quedaba eliminado o aspirante Martín Quintela Castro, por canto que aínda que compareceu a realizar o exercicio práctico, cando lle tocou o seu turno decidiu non realizalo.

E concretar que os aspirantes, Alejandro Piñeiro Veiga, Javier Ignacio Pampín Budiño, Ramón Brea Camino e Sergio Martínez Esmoris, tamén quedaban eliminados, por canto que -pese a obter unha puntuación igual ou superior a 10 puntos no exercicio teórico- non compareceron a realizar o exercicio práctico.

**Terceiro.**- Proceder a sumar as puntuacións obtidas polos dez aspirantes que superaron este exercicio de carácter práctico, coas puntuacións obtidas por eses mesmos aspirantes na cualificación dos seus exercicios de carácter teórico, realizados o día 7 de novembro de 2016; co obxecto de determinar o orde de prioridade á hora de propoñer ao alcalde o aspirante que será contratado para desempeñar o posto de condutor e operario de servizos varios que é obxecto deste proceso de selección; o cal supón o seguinte resultado:

Nome e apelidos	Exercicio teórico	Exercicio práctico	TOTAL
1.- José Luis Ramos Ferreiro	17,50	8,50	26
2.- Ismael Sesar Carbajales	17,75	6,50	24,25
3.- José Manuel Vázquez Garea	12	8,50	20,50
4.- Juan Carlos Souto Andrade	11,75	8,50	20,25
5.-Carlos Collado Blanco	11,75	7	18,75

6.- Juan José Rivas Mosquera	11,50	7	18,50
7.- Jesús M. Fernández Furelos	10,25	8	18,25
8.- Cesareo Xabier Moscoso Fuentes	12,50	5	17,50
9.- José Vicente Pérez Crego	10	7	17
10.- Victor Souto López	10,25	5,50	15,75

**Cuarto.-** Facer saber aos dez aspirantes citados que superaron o exercicio de carácter práctico, realizado no día de hoxe, que -ao acreditar que estaban en posesión do Celga 2 ou equivalente- están exentos de realizar o terceiro exercicio da oposición, sobre coñecementos do idioma galego; obtendo en dito exercicio a puntuación máxima en dita proba, que é de 2,50 puntos cada un deles, por así vir previsto para tales casos na Base Decimoprimeira das que rixen o proceso de selección.

**Quinto.-** Concretar que a puntuación final, obtida por cada un dos aspirantes que superaron os dous primeiros exercicios do proceso de selección, virá determinada polas puntuacións que quedaron indicadas, ás que se sumará os 2,50 puntos obtidos no terceiro exercicio do mesmo proceso de selección sobre coñecementos do idioma galego; polo que a orde de puntuación obtido por ditos aspirantes non resulta alterado.

**Sexto.-** En consecuencia con todo o exposto, e tendo en conta o previsto na Base Decimoprimeira das que rixen o proceso de selección, proponse ao alcalde a contratación do aspirante que obtivo a maior puntuación, José Luis Ramos Ferreiro; e para o suposto que dito aspirante non poidese acreditar -dentro dos tres días hábiles previstos na Base Decimoterceira- os requisitos necesarios para realizar a súa contratación, ou renunciase a esa contratación, trasladar a proposta agora formulada a favor do seguinte ou seguintes aspirantes, polo orde de puntuación total obtida.

**Sexto.-** Dispoñer a publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web deste Concello, dun exemplar da presente acta:

a) Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro acto impugnatorio.

b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo dos tres días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación deste acta, co obxecto de que o aspirante proposto poida presentar a documentación esixida a través da Base Decimoterceira das que rixen o proceso de selección.

O cal douse por rematado o acto, ás 14.35 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscripta polos membros da Comisión Seleccionadora; e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.